

CONCURSO ABERTO DE COCIÑA CREATIVA “PICOTEO DE CENTOLA”

BASES

1. O Concello do Grove convoca o I Concurso aberto de cociña creativa “Picoteo de Centola”.
2. As inscricións están abertas a tódolos veciños e veciñas do Grove ou doutras localidades cun máximo de dúas propostas por persoa.
3. As persoas participantes deberán presentarse cos seus pratos media hora antes (para a súa inscrición) do comezo do concurso, que será ás **18:30 o día 5 de decembro**, na planta baixa da Casa do Concello do Grove.
4. Os pratos deberán ter como ingrediente principal a Centola do Grove e deberán presentarse totalmente rematados sen requirir de ningún paso adicional de preparación (quecemento, empratado...) no momento da presentación.
5. O xurado, composto por persoas de recoñecido prestixio vinculadas ao mundo da gastronomía e do marisqueo, seleccionará o Picoteo de Centola máis orixinal e con mellor sabor á centola do Grove.
6. A persoa que acade este recoñecemento recibirá un premio de **150 euros e diploma acreditativo**.
7. Os participantes cederán os dereitos de uso das fotografías e receitas ao Concello do Grove.
8. O premio entregárase o 8 de decembro ás 12:30 na Casa do Concello do Grove.

No Grove, a 18 de novembro de 2015

Jose A. Cacabelos Rico

Alcalde do Ilmo. Concello do Grove

